



## SUBSIDIO ESPECIAL POR DESEMPREGO

### ***Quen pode beneficiarse?***

Aquelas persoas que, no período de alarma declarado polo RD 463/2020, de 14 de marzo, esgotaron a prestación, subsidio o axuda das se tiveran beneficiado dentro da acción protectora por desemprego.

### ***Como se tramita?***

Tramitarase no SEPE. No Real Decreto non se contempla un procedemento específico polo que, a priori, se podería solicitar cumprimentando o formulario de pre-solicitud de prestación individual dispoñible na sede electrónica do SEPE cos datos requiridos que terá os efectos de solicitude provisional:

<https://sede.sepe.gob.es/SolicPrestIndividualWeb/flows/solicitud>

### ***Cal é o prazo de solicitude?***

Do 6 ao 30 de novembro, ambos inclusive. As solicitudes presentadas pasado dito prazo serán denegadas

### ***Cales son os requisitos?***

- Ter esgotada a prestación, subsidio o axuda por desemprego entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de xuño de 2020, ambos inclusive.
- Estar en desemprego total e inscrito como demandante de emprego no servizo público de emprego.
- Non dereito á protección por desemprego de nivel contributivo, asistencial ou a calquera das axudas para persoas desempregadas. (No obstante, quen estivera cumprindo o mes de espera de acceso ao subsidio de esgotamento da prestación contributiva poderá acceder ao subsidio especial e, posteriormente, ao de esgotamento, aplicándose nese momento as regras de consumo de días).
- Non ser persoa beneficia de renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axuda análoga concedida por calquera Administración Pública.
- No caso de ter traballado por conta allea tras a extinción do último dereito recoñecido, ter cesado en dito traballo con situación legal de desemprego.
- No ter cumprida a idade que se esixa para acceder á pensión de xubilación, nas súas modalidades contributiva ou non contributiva.

### ***Obrigas***

A solicitude do subsidio especial por desemprego implicará a subscripción del compromiso de actividade (compromiso de buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa ocupabilidade, así como de cumprir as restantes obrigas previstas na normativa que regula as prestacións por desemprego cuxo incumprimento produce efectos sancionadores como infracción leve).

### ***Cal é a súa duración?***

A duración máxima do subsidio será de noventa días e non poderá percibirse en máis dunha ocasión.

### ***Cal é a súa contía?***

Consistirá nunha axuda mensual do 80 % do indicador público de renda de efectos múltiples mensual vixente (537,8 euros); é dicir, 430,27 euros.